

FESTA APEGO 2023

Auditorio de Galicia

23 de decembro

De 12 a 14 e de 16 a 19 horas

Cronograma

HORARIO	PROGRAMACIÓN	ESPAZOS
12:00 – 12:30	Triscus Beliscus, de Rilo e Penadique (1º pase)	Auditorio Ángel Brage
12:30 – 13:00	Carapuchiña e os cinco lobiños, de Ángeles Goás	Espazo NOGA
12:45 – 13:15	Triscus Beliscus, de Rilo e Penadique (2º pase)	Auditorio Ángel Brage
13:15 – 14:00	Na Casa, de Caramuxo Teatro	Auditorio Mozart
16:30 – 17:20	Obradoiro de baile tradicional con Artur Puga (1º pase)	Zona obradoiros
16h45 – 17:15	A nena e o tres osos, con Bea Campos	Espazo NOGA
17:00 – 18:00	Degustación de imposibles, con Joshua Kenneth	Auditorio Mozart
18:00 – 18:40	Corochas, de Atenea García	Espazo NOGA
18:00 – 18:50	Obradoiro de baile tradicional con Artur Puga (2º pase)	Zona obradoiros
19:00 – 20:00	Uxía Lambona e a Banda Molona. Concerto final	Auditorio Ángel Brage
12:00 a 14:00	Espazo de xogos, recursos e obradoiros	
16:00 a 19:00	Espazo de xogos, recursos e obradoiros	

Proposta artística

NARRACIÓN ORAL

TRISCUS BELISCUS de Rilo e Penadique

- Espazo: Auditorio Ángel Brage
- Horario: 2 sesións. Ás 12h e ás 12:45 horas
- Espectáculo de 0 a 3 anos

TRISCUS BELISCUS é un espectáculo e obradoiro de narración oral e música para familias con crianzas de 0 a 3 anos, da man da narradora e educadora Vero Rilo e a educadora e música Sonsoles Penadique. Unha proposta para xogar, contar, cantar e bailar con Xan, con Pedro, co can, co gato e co rato ata caer de cu... polo buraco!

COLECTIVO NOGA. Espazo conto

- Espazo: Piso inferior
- Horario: 3 pases (12:30h / 17h / 18h)
- Contos para a primeira infancia

O colectivo de profesionais da narración oral galega NOGA terá un espazo de representación propio na Festa Apego. Dende o colectivo estarán presentes a través do seu traballo en forma de contos dirixidos á primeira infancia. O espazo conto terá tres citas durante a xornada:

12:30h - Ángeles Goás e Cristina Castro: Carapuchiña e os cinco lobiños

16:45h - Bea Campos: A nena e os tres osos

18:00h - Atenea García: Corochas

TEATRO

NA CASA de Caramuxo Teatro

- Espazo: Auditorio Mozart
- Horario: de 13:15 a 14 horas
- Espectáculo de 1 a 6 anos

Un espectáculo de Caramuxo Teatro para bebés e familias con música e cancións en directo. Unha proposta arredor das casas, as aldeas e as persoas que viven nelas.



MÚSICA

UXIA LAMBONA E A BANDA MOLONA

- Espazo: Auditorio Ángel Brage
- Horario: de 19 a 20 horas
- Espectáculo para público familiar

Concerto final de Uxía Lambona e a Banda Molona, banda musical infantil que achega a música tradicional galega ás máis pequenas da casa cunha proposta que combina estilos e cancións propias con versións, sempre en galego.



MAXIA

DEGUSTACIÓN DE IMPOSIBLES, con Joshua Kenneth

- Espazo: Auditorio Mozart
- Horario: de 17 a 18 horas
- Espectáculo para público familiar

Degustación de imposibles é unha proposta do ilusionista guiri-galego Joshua Kenneth. Unha selección de imposibles onde a realidade se distorsiona con impactantes elementos visuais e poéticos como pompas de xabón, panos de seda ou sombras chinas. Unha experiencia interactiva, divertida e artística que convida ao público a entrar nun mundo onde todo pode ser transformado e onde nada é imposible.



OBRADOIROS

Obradoiro de baile tradicional con ARTUR PUGA

- Espazo: zona obradoiros
- Horario: ás 16:30 e ás 18 horas
- Dirixido a público familiar

Artur Puga é un bailarador ligado a algún dos proxectos máis interesantes da escena tradicional, Fran Sieira compañía de danza ou As Tanxugueiras son algúns dos proxectos cos que colabora. Artur imparte ademais aulas de danza tradicional para crianzas no espazo educativo Sete portas. Neste caso ofrecerá dous pequenos obradoiros de 30 minutos dirixido ás familias para compartir movementos e puntos do noso baile tradicional.

ALOUETTE MACHINE. Obradoiros de imprenta tipográfica

- Espazo: Piso inferior
- Horario: De 12 a 14 e de 16 a 19h
- Obradoiro para a primeira infancia (a partir de 3 anos)

Obradoiro expositivo e práctico onde os nenos e nenas e as súas familias poderán comprobar de boa tinta como se imprimen elementos tipográfico, palabras e pequenos textos empregando a técnica dos tipos móbiles. Tipografías de madeira e chumbo, prensa, tinta e papel para coñecer e achegarse ao proceso e a técnica da imprenta tipográfica.

MIUDIÑO S. COOP GALEGA: Obradoiro Argallando desexos

- **Espazo:** zona obradoiros
- **Horario:** de 16 a 19 horas
- **Dirixido a público familiar**

Un obradoiro de Nadal para toda a familia, especialmente deseñado para a primeira infancia, onde a través de elementos da natureza daremos forma aos nosos desexos de Nadal. Unha sesión de 3 horas continuadas de creación libre con ferramentas e materiais naturais para aprender a crear, falar, soñar e agasallar.

RECURSOS EDUCATIVOS EN GALEGO

- **Espazo:** Recibidor
- **Horario:** De 12h a 14h e de 16h a 19h
- **Dirixido a público familiar**

- **Atlantic Ponte.** Exposición de recursos para a educación e a crianza en igualdade; espazo de asesoramento a familias.
- **Brazolinda.** Un proxecto de deseño e fabricación de xogos de mesa en galego. Están deseñados para o xogo conxunto de grandes e pequenas e axudan a desenvolver a capacidade de observación, comunicación, razoamento... a través de adiviñanzas, as matemáticas e os xogos de agudeza visual, entre outros. O espazo Brazolinda amosa ás familias os diferentes xogos e o seu funcionamento.
- **Librería Couceiro.** Libros en galego para a infancia.
- **A Mesa.** Recursos de normalización lingüística para familias e crianzas.

XOGOS

PAPORRUBIO. Xogos tradicionais

- Espazo: Piso inferior
- Horario: De 12 a 14 e de 16 a 19h
- Dirixido a público familiar

Os xogos do Paporrubio son un compendio de xogos autónomos e animados de temática agraria que dá a coñecer un dos paxaros máis pequenos, rebuldeiros e cantaruxeiros da nosa fauna. O noso paporrubio, calzado cuns zoquiños, guía a crianzas e maiores por unha eira chea de xogos. As participantes nesta aventura terán que ir descubrindo como se xoga a algúns dos xogos mentres que se sorprenderán noutros grazas ás pequenas historias contadas e cantadas polos animais e habitantes da granxa, elaborados con xoguetes, marionetas e xigantes.

